

Hoy comienza el primer congreso de escritores en Lengua Galega

A asociación de Escritores en Lingua Galega organiza os días 2, 3 e 4 de Maio o seu primeiro ENCONTRO no Mosteiro de Poio, e pra conquistar información directa falamos co seu Secretario e membro do Comité Organizador, Alfonso Pexegueiro.

—¿Que importancia ten na Cultura Galega iste primeiro ENCONTRO de escritores en galego?

—A importancia é moi grande. E a primeira vez na historia de Galicia que os escritores galegos xúntanse pra estudar, expoñer e debater a problemática propia e da literatura.

—A mais do ENCONTRO de por si ¿Representa algo novo na política cultural?

—Si, E unha aptitude de ruptura dunha política cultural de continuismo que viñase dando en Galicia. Por outra banda ten o grande interés de pór en contacto aos nosos escritores cos representantes doutras nacionalidades, como a Asociación de Escritores Portugueses, Angola, Cabo Verde, Unión de Escritores Franceses, Cataláns, interesados en coñecer e vencellarse ca xente da Cultura Galega escrita. Tamén é moi importante o feito porque significa o recoñecemento da Cultura Galega

por si mesma e sen dependencia de ningunha outra.

—A nivel de asistencia ¿Canta xente presupón que pode participar?

—O éxito do Congreso está garantizado de seu polo feito de se celebrar, pero eu coido que virán 100 persoas, contando os invitados.

—¿Ten un obxectivo especial iste CONGRESO?

—E o refrendo da lingua Galega en canto serve de dinamización e revulsivo.

—Cal é o papel da Asociación no CONGRESO.

—Somentes o da organización e máis nada.

—¿Istes primeiros ENCONTROS terán continuidade?

—Penso que si, aínda que troque o sistema. Cecais facendo temas monográficos e alongando o tempo pra sua realización a unha semana.

—¿E iste o momento axeitado pra celebración do CONGRESO?

—Coincide cun rexurdimento importante da Lingua Galega, dentro do contexto dos pobos marxidados no mundo. A descentralización dos monopolios culturais, pra Galicia, Bretaña, e os pobos africanos da nosa área lingüís-

tico, entre outros. Ten unha importancia senlleira dentro da nosa historia política e social porque agora temos a oportunidade de nos presentar ao resto do mundo como algo propio. O futuro do mundo pasa por istas culturas e o acabamento dos monopolios.

—¿Non pensa que aínda hoxe algúns dos escritores galegos andan con medos pra facer a súa obra na súa lingua?

—Precisamente o CONGRESO ven autoafirmar a nosa cultura, sen complexos, e sen odios pra nosa Lingua e Literatura, desbotando a opinión que no idioma galego non se pode escribir un Ulises ou a Saga-Fuga. Un home que pensa co seu idioma non serve pra facer grandes novelas é un home que está rexeitado a súa Cultura. Non é un problema da lingua, é un problema da mentalidade dos que poidan pensar eisi.

—Falemos un pouco do presuposto e das axudas.

—Pois o presuposto é máis ou menos dun millón de pesetas. As principais colaboracións son as da Caixa de Aforros de Vigo, FARO DE VIGO, Ministerio de Cultura, Edicións Xerais de Galicia, Editorial Anaya, Fundación Pablo Iglesias, e logo estamos

agardando resposta da Xunta de Galicia. Compre suliñar a lamentable aptitude da Diputación cara iste CONGRESO sen responder a nosa chamada coma tampouco os Axuntamentos.

—¿O coste pra os participantes?

—Os tres días completos 3.000 ptas o máis barato que poidemos facelo, gracias as axudas desinteresadas dalgúns grupos como Atlántica que corren ca decoración.

—¿Algo máis que engadir pra os lectores?

—Dende istas páxinas do Faro dar acollida a todos os participantes, e decir que os que non asistan automarxinanse de seu.

TEXTO: XESUS FRANCO
FOTOGRAFÍAS: CARLOS RODRIGUEZ